



SOLICITUDE DE POSTOS DE MERCADO- DISCALZ@S POLO FESTIVAL 2019

1. PRAZO DE INSCRIPCIÓN E RESOLUCIÓN

- 1.1 O Prazo ordinario de presentación de solicitudes comeza o 8 de Xullo de 2019 e remata o 15 de Xullo de 2019.
- 1.2 As solicitudes de inscrición remitiranse á Asociación Cultural Discalz@s Polo Festival mediante correo electrónico á dirección: mercado@discalzopolofestival.gal
- 1.3 A resolución coa aceptación e denegación das propostas farase o 22 de Xullo de 2019. Comunicarase aos solicitantes por correo electrónico ou teléfono indicados na solicitude.

2. SOLICITUDE, PREFERENCIA E PRAZOS.

- 2.1 Terán preferencia para a instalación dos postos as asociacións veciñais e/ou culturais e as empresas radicadas no Concello de Cedeira, así como os particulares e comercios que sexan socios da Asociación Cultural Discalz@s polo festival.
- 2.2 Os artesáns deberán aportar unha fotocopia do DNI dos participantes na actividade e a documentación acreditativa da súa actividade así como fotos ou descrición dos produtos que elaboren.
- 2.3 Os postos que se dediquen á hostaleira deberán aportar a documentación acreditativa da súa actividade, os permisos en vigor, carné de manipulador de alimentos e rexistro sanitario. Ademais, unha fotocopia do DNI de tódolos participantes na actividade e descrición dos produtos elaborados.
- 2.4 As asociacións terán que entregar unha carta de solicitude do posto asinada polo representante legal da mesma, acompañada dunha fotocopia do CIF da entidade e unha fotocopia do DNI dos membros participantes na actividade.
- 2.5 As cantidades económicas aboaranse entre os días 22 o 29 de Xullo de 2019, no número de conta ES77 2080 0207 6330 4001 7143, en concepto de colaboración cos gastos da V Edición do Discalz@s Polo Festival, indicando o DNI/NIE/CIF do/a solicitante.
- 2.6 As solicitudes que non veñan acompañadas por algún dos documentos esixidos non serán admitidas a trámite.

BASES PARA A INSTALACION DE POSTOS OS DIAS 2 E 3 DE AGOSTO DE 2019 NO DISCALZ@S POLO FESTIVAL.

1. DOS POSTOS

- 1.1 Correspóndelle á Organización a designación dos postos, conforme ó espazo dispoñible e as características dos mesmos (tamaño, actividade, etc.) Ningunha empresa poderá optar a un posto que non se corresponda coa súa actividade comercial.



- 1.1.1 Roupa, artesanía e promoción: cada posto dedicado a venda de calquera produto fará unha achega para axuda de gastos de organización de 20€ se non supera os 2 metros de lonxitude e 30€ se os supera.
- 1.1.2 Hostaleira: Os postos de hostaleira farán cada un deles unha achega para axuda de gastos de organización de 100€ se a súa frontal non supera os 2 metros e de 150 se os supera.
- 1.1.3 As asociación veciñais e /ou culturais do Concello de Cedeira quedarán exentas da aportación económica, sendo esta voluntaria.
- 1.1.4 Os postos que comercialicen alimentos xa sexan fríos ou quentes deberán dispor de servizos rexeitables, cartón, plástico.. Non se permite a utilización de utensilios de cristal, barro, cerámica, metal etc. para por a disposición do público, unicamente queda permitido para uso exclusivo dos membros do posto. Ao remate da actividade deberán deixar todo limpo, calquera tipo de refugallo ou resto e o lixo producido será depositado en bolsas ou sacos destinados a tal efecto e os mesmo en colectores habilitados por todo o recinto.
- 1.1.5 Queda totalmente prohibida a venda de calquera tipo de bebida, alcohólica ou non.

2. CONDICIONS DE PARTICIPACION

- 2.1 Todo posto permanecerá aberto o público durante o horario de celebración do evento. O peche ou non apertura que non sexa debidamente xustificado e autorizado dará lugar ás medidas disciplinarias que a Organización considere oportunas.
- 2.2 Todos os postos deberán ser instalados durante o venres 2 de Agosto. Na fronte do mesmo colocarse un cartel co nome do posto comunicado na preinscrición.
- 2.3 Todos os carteis, prezos e rótulos estarán redactados en galego, a listaxe de prezos deberá estar a vista e non se poderá alterar durante os días do Festival. Queda prohibida a instalación de aparellos reprodutores de música.
- 2.4 A Organización proporcionará una toma corrente para tódolos postos.
- 2.5 Aqueles postos que requiran conexión eléctrica indicarán na folha de inscrición a información requirida en canto a consumo eléctrico e finalidade.
- 2.6 Apertura de postos: Venres 2 ás 20 horas.
- 2.7 Os postos deberán ser retirados antes do luns día 4 de Agosto.

3. DISPOSICIONS FINAIS

- 3.1 Queda terminantemente prohibida a venda de bebidas nos postos
- 3.2 A Organización non se responsabiliza do posible deterioro, perda ou furto do material ou mercancía polo que recomenda a súa retirada durante as horas nas que pecha o evento.
- 3.3 A Organización declina no posto vendedor toda responsabilidade sobre calidade, composición, manipulación, elaboración ou prezo dos produtos por eles expostos ou vendidos, así como das condicións laborais das persoas que participen nos mesmos e a falta de calquera documentación legal que acredite a súa actividade.



- 3.4 Por motivos de seguridade, orde ou limpeza poderse modificar o plano de situación dos postos no propio día do Festival.
- 3.5 O incumprimento de calquera dos puntos destas bases suporá a perda total das cantidade abonadas e o abandono do Festival a requirimento da Organización debendo os participantes respectar as acción de validación e de supervisión do persoal da Organización.
- 3.6 A Organización resérvase o dereito a escoller entre as solicitudes o número de postos similares que estime recomendable para evitar o exceso de competitividade.
- 3.7 A solicitude dun posto para participar no Discalz@s polo Festival supón a aceptación total destas bases.

4 PROTECCIÓN DE DATOS

Datos do responsable do tratamento:

Identidade: Asociación Cultural Discalz@s Polo Festival - NIF: G70478706

Dirección postal: Avenida de España 19 (Baixo) 15350 Cedeira A Coruña

Teléfono: 698130080 - Correo electrónico: info@discalzopolofestival.gal

A información facilitada no documento "Solicitude de posto para o Discalz@s Polo Festival 2019" será utilizada para o proceso de selección dos postos da edición do ano 2019. Os datos non serán cedidos a terceiros salvo nos casos nos que exista unha obriga legal. O dereito a acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos e oposición e limitación ao seu tratamento, poderá exercerse ante a Asociación Cultural Discalz@s Polo Festival, Avenida de España 19 (Baixo) 15350 Cedeira, A Coruña ou na dirección de correo info@discalzopolofestival.gal, axuntando copia do DNI ou documento equivalente. No caso de que se considerara que non se satisfixeran plenamente ditos dereitos, poderase presentar unha reclamación ante a autoridade nacional de control, dirixíndose neste efectos a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 - 28001 Madrid.

En Cedeira a 5 de Xullo de 2019